

QUIÉN TE CANTARÁ

[Carlos Vermut, 2018]

450

ESTREA EN NUMAX: 16.10.2018 | V.O. | +16

Quién te cantará (2018, 124')

Dirección: Carlos Vermut

Guión: Carlos Vermut

Elenco: Najwa Nimri, Eva Llorach, Carme Elías, Natalia de Molina, Julián Villagrán, Vicenta N'Dongo, Inma Cuevas, Ignacio Mateos, Catalina Sopelana

Son: Daniel de Zayas

Montaxe: Marta Velasco

Música: Alberto Iglesias

Dirección de arte: Clara Álvarez

Vestuario: Ana López Cobos

Fotografía: Eduard Grau

Produtoras: Apache Films, Áralan Films, Les Films du Worso (España, Francia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2018 (Sección oficial),
Toronto 2018 (Cinema Mundial
Contemporáneo)

FILMOGRAFÍA

Magical Girl, 2014

Don Pepe Popi, 2012 [curtametraxe]

Diamond Flash, 2011

Maquetas, 2009 [curtametraxe]

Michirones, 2009 [curtametraxe]

SINOPSE

Lila Cassen era a cantante española con máis éxito dos noventa até que desapareceu misteriosamente dun día para outro. Dez anos despois, Lila prepara a súa triunfal volta aos escenarios pero, pouco antes da agardada data, perde a memoria ao sufrir un accidente. Violeta vive dominada pola súa conflitiva filla Marta. Cada noite foxe da súa realidade facendo o único que a fai feliz: imitar a Lila Cassen no karaoke onde traballa. Un día Violeta recibe unha fascinante proposta: ensinar a Lila Cassen a volver ser Lila Cassen.

«Unha enigmática, turbadora e medida indagación da identidade»

Luis Martínez, EL MUNDO



Nota do director

Carlos Vermut

Cando pensei *Quién te cantará* por vez primeira, era un filme de pantasmas. Un filme de posesións, de xogos de identidade no que unha muller era posuída polo espírito de outra. A historia foi medrando e evoluíndo até rematar converténdose case nun filme musical. A esencia da película é a mesma, recoñecerse ou deixar de recoñecerse na imaxe que proxectamos nos demais, perder o contacto con un propio, rematar vivindo arrinconado dentro do personaxe que creamos co fin de conseguir a aceptación ou o amor dos demais. Ser posuído polo personaxe dalguén que non recoñecemos. Tanto Lila coma Violeta non son quen de se recoñecer a si mesmas, pero recoñécense no personaxe que creou a outra e iso úneas.

O filme está estruturado en tres partes. A primeira é a parte de Lila, a súa vida e contorna. Lila é prisioneira dos seus propios soños convertidos en realidade e xa non pode escapar deles. Lila quere cantar, pero o único xeito de facelo é dentro dun personaxe que rematou desprezando pois é o responsábel da súa soidade. Violeta ten máis talento ca Lila, é unha gran cantante, pero decidiu abandonar a súa carreira cando tivo a súa filla. Violeta é incapaz de perdoarlllo á súa filla, facéndoa responsábel dunha vida que non quere vivir, mais é incapaz de perdoarse a si propia por sentir iso cara á súa filla. Por iso atura estoicamente o seu maltrato.

A última parte é o encontro entre Lila e Violeta e como Violeta axuda a Lila a reconstruír unha versión de Lila coa que Lila se identifica, volvendo encontrar a ilusión por cantar. Interésame como afecta a sona ás persoas, as responsabilidades e como adaptamos a nosa personalidade para cumprir coas nosas supostas obrigas, esquecendo moitas veces cales eran os nosos soños e quen somos realmente.

Publicado en <http://caramelfilms.es/>

“A madurez e consagración artística de Carlos Vermut”

Por Daniel Martínez Mantilla

En *Quién te cantará*, Nawja Nimri interpreta unha diva da música que debe volver aos escenarios tras dez anos de ausencia. A cantante non lembra quen é e teme decepcionar os fans que aínda agardan o seu regreso. Carlos Vermut nunca marchou, pero volver dirixir un filme cando a túa presentación en sociedade (siete anos despois da súa estrea, *Diamond Flash* (2011), unha rareza de culto) causou un cataclismo na cinefilia española non debe ser, precisamente, doado. *Magical Girl* (2014) fixo historia en San Sebastián, converteu inmediatamente nunha icona a Bárbara

Lennie, namorou o mesmísimo Pedro Almodóvar e conseguiu que todos os produtores do noso país quixeran producir o seu seguinte traballo.

(...) Pero se *Quién te cantará* vai rematar o 2018 como un dos filmes máis importantes do ano non é polo seu valor de impacto, senón polo pouso emocional que deixa esta historia sobre dúas mulleres que xa non saben ni quen son nin por que dedicaron a súa vida a ser outra persoa. Najwa Nimri volve pola porta grande (...) cunha interpretación sutil e lacónica que non viramos antes. A gran sorpresa, porén, chega da man de Eva Llorach. Por que o cinema español non quixo ou soubo aproveitala antes?

Dramaticamente o filme é un paso adiante para a traxectoria do director que volve recrearse nunha fantasmagórica e elegante posta en escena que sempre está ao servizo da historia, e non ao revés. Lila descubríndose nun reflexo ou descubrindo o paso do tempo con algo tan sinxelo como quitar o po dun disco son dúas das moitas imaxes inesquecíveis que deixa un filme que lembra o mellor Almodóvar, especialmente nunha secuencia musical que nada ten que envexar ás vistas en *Volver* (2006) ou *Tacones lejanos* (1991). Non é de estrañar que o manchego sinta fascinación por Vermut: *Quién te cantará* é a clase de película que debera estar a facer o director de *Todo sobre mi madre* (1999), pero non hai que esquecer que a arte non ten por que ser unha competición e non hai nada malo en que as Lila Cassen deixen paso ás Violetas que nos quedan por descubrir.

Publicado en Fotogramas nº 2.100, outubro 2018
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



4€
Faite NUMAX!



**Abónate
agora e ven
sempre por**